

BASES REGULADORAS DOS CONCURSOS DE EMBELECEMENTO DE NADAL 2024-2025

- MODALIDADE: DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS
- MODALIDADE: DECORACIÓN DE COMERCIOS E ESCAPARATES
- MODALIDADE: DECORACIÓN DE LOCAIS HOSTALEIROS

1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios para os concurso de embelecemento de Nadal 2024-2025 na modalidade de fachadas, balcóns ou xardíns e nas modalidades decoración hostaleira e de decoración de escaparates nos establecementos comerciais do municipio.

Trátase dunha actividade promovida polas áreas de cultura e comercio do Concello de Ribeira cun dobre obxectivo: por unha parte favorecer, poñer en valor, incentivar e dinamizar a participación do tecido económico do municipio (hostalería e comercio) nas celebracións de Nadal favorecendo así a promoción das compras nos negocios locais, e por outra parte, animar á veciñanza do municipio a embelecer as súas vivendas nestas datas de Nadal.

2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE FACHADAS BALCÓNS E XARDÍNS:

2.1.- Participantes

Poderá participar no concurso calquera persoa empadroada en Ribeira de xeito individual ou colectivo, maior de idade, cunha participación por persoa/colectivo. As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal e deberá manterse sen modificar dende o inicio ata o fin do concurso.

2.2.- Condicións de participación

A decoración, que deberá estar ubicada no municipio de Ribeira, terá que estar exposta como mínimo dende o luns 16 de decembro de 2024 ata o luns 6 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

Só poderán participar no concurso aqueles traballos de decoración de fachadas, balcóns e xardíns radicados no municipio que sexan visibles dende a vía pública, non aceptando aqueles que afecten ao interior de vivendas nin aqueles en exterior que non se contemplan facilmente por calquera viandante

As persoas participantes deberán enviar un máximo de 3 fotografías nas que se poida apreciar e valorar a decoración realizada. Así mesmo, e de xeito opcional, poderá enviarse tamén un vídeo da decoración dunha duración máxima de 15 segundos.

Non terán validez os collages nin tampouco aquelas participacións que non veñan acompañadas da ficha de participación segundo o modelo normalizado (anexo I).

Poderase empregar ferramentas como WeTransfer para facilitar o envío de imaxes, sempre e cando o/a participante acompañe este envío da ficha de participación cuberta.

2.3.- Inscripcións:

Os interesados en participar neste concurso poderán inscribirse gratuitamente ata o mércores 18 de decembro de 2024, enviando a ficha de participación cuberta (Anexo I) e un máximo de tres fotografías da decoración ao correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal

Poderase enviar tamén , de modo opcional, un vídeo cun tempo máximo de 15 segundos.



FIRMANTE - FECHA



Non se admitirán solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior.

Co envío da documentación, o/a participante autoriza á organización (Concello de Ribeira) á súa divulgación cos fins propios desta actividade, aceptando as presentes bases e facéndose responsable da veracidade dos datos facilitados.

2.4.- Premios:

Entregaranse un total de 10 premios que consistirán en cestas con produtos navideños, distribuídos do seguinte xeito:

- Un premio en cada parroquia: cesta por valor de 180 €.
- Un premio especial para a mellor decoración do municipio: cesta por valor de 300 €.

2.5.- Xurado e fallo:

O Xurado do concurso estará composto por seis membros, dos cales dous serán representantes do sector da hostalería, dous do sector do comercio local e dous membros do persoal de Cultura e Comercio do Concello de Ribeira.

O xurado valorará as decoracións participantes que figuren debidamente inscritas dentro do prazo do concurso seguindo os criterios establecidos. Os membros do xurado puntuarán independentemente, do 1 ao 10, cada unha das decoracións que se presenten ao concurso. Os premiados serán os que acaden a maior puntuación total.

O xurado terá a potestade de decidir sendo inapelable o seu xuízo, así como declarar deserto algún dos premios sempre e cando considere que a calidade non acaden o mínimo esixido segundo o seu criterio.

O fallo realizarase na última semana do mes de decembro de 2024.

2.6.- Resolución do órgano competente:

Vista a proposta do xurado, o órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno local. A resolución que dite porá fin á vía administrativa.

2.7.- Entrega e caducidade dos premios:

O resultado darase a coñecer a través dos medios de comunicación e da páxina web oficial do Concello.

O acto de entrega dos premios realizarase no Centro Cultural Lustres Rivas na última semana do mes de decembro de 2024.

Aqueles gañadores/as que non poidan asistir ao acto de entrega deberán recoller o seu premio nas instalacións do Centro Cultural Lustres Rivas nun prazo máximo de 10 días dende a celebración de dito acto.

2.8.- Aceptación das bases e autorizacións en canto á L.P.D.

A mera participación neste concurso supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo.

Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura e Comercio,



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE :: 2024OTCU000073
Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.

No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada renuncie a algún premio deberá formalizalo por escrito na Concellería de Cultura no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios; unha vez rematado o prazo, todos os premios perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

3.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE COMERCIOS, ESCAPARATES E LOCAIS HOSTALEIROS:

3.1.- Participantes

Poderán participar no concurso locais de hostalería e comercios e/ou negocios que estean localizados no termo municipal de Ribeira.

3.2.- Condicións de participación

A decoración deberá estar exposta como mínimo dende o luns 16 de decembro de 2024 ata o luns 6 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

As persoas participantes deberán enviar ata o mércores 18 de decembro de 2024 un máximo de 3 fotografías nas que se poida apreciar e valorar a decoración realizada.

Poderase empregar ferramentas como WeTransfer para facilitar o envío de imaxes.

Non se aceptarán como válidos aqueles traballos que sexan collages, vídeos nin tampouco aquelas participacións que non veñan acompañadas da ficha de participación segundo o modelo normalizado (anexo II).

3.3.- Categorías de participación

Establécense dúas categorías diferenciadas para o concurso:

- ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS
- ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

Poderán participar dentro destas categorías todos os establecementos comerciais e de hostalería emprazados no termo municipal de Ribeira.

As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal e deberá manterse sen modificar dende o inicio ata o fin do concurso, podendo cambiarse outros elementos como os produtos en venda expostos.

3.4.- Inscricións:

Os interesados en participar nestes concursos poderán inscribirse gratuitamente ata o día mércores 18 de decembro de 2024, enviando un máximo de tres fotografías da decoración acompañada da ficha de participación cuberta (Anexo II), onde se indicarán os seguintes datos :

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE :: 20240TCU000073

Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



- a) Nome e apelidos do participante.
- b) DNI.
- c) Nome do establecemento.
- d) Domicilio, teléfono de contacto e correo electrónico.

As inscricións formalizaranse enviando a documentación preferiblemente por correo electrónico a comercio@ribeira.gal ou por whatsapp no teléfono 686587000 como data límite o 18 de decembro de 2024, entendendo por parte da organización que a propia participación autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade, acepta as bases e faise responsable da veracidade dos datos facilitados.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra do prazo indicado no parágrafo anterior.

3.5.- Premios:

Entregaranse un total de 4 premios que consistirán en cestas con produtos navideños, distribuídos do seguinte xeito:

Para a modalidade de DECORACIÓN DE HOSTALERÍA:

1º premio: cesta por valor de 300 €.

2º premio: cesta por valor de 200 €.

Para a modalidade de DECORACIÓN DE ESCAPARATES DE COMERCIOS:

1º premio: cesta por valor de 300 €.

2º premio: cesta por valor de 200 €.

3.6.- Xurado e fallo:

O Xurado do concurso estará composto por seis membros, dos cales dous serán representantes do sector da hostalería, dous do sector do comercio local e dous membros do persoal de Cultura e Comercio do Concello de Ribeira.

O xurado valorará as decoracións participantes que figuren debidamente inscritas dentro do prazo do concurso seguindo os criterios establecidos. Os membros do xurado puntuarán independentemente, do 1 ao 10, cada unha das decoracións que se presenten ao concurso. Os premiados serán os que acaden a maior puntuación total. Os membros do xurado representantes da hostalería só poderán votar aos participantes do sector do comercio, e os membros do xurado representantes do comercio só poderán votar aos participantes do sector hostaleiro.

O xurado terá a potestade de decidir sendo inapelable o seu xuízo, así como declarar deserto algún dos premios sempre e cando considere que a calidade non acade o mínimo esixido segundo o seu criterio.

O fallo realizarase na última semana do mes de decembro de 2024.

3.7.- Entrega e caducidade dos premios:

O resultado darase a coñecer a través dos medios de comunicación e da páxina web oficial do Concello.

O acto de entrega dos premios realizarase no Centro Cultural Lustres Rivas na última semana do mes de decembro de 2024.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE ::
20240TCU000073
Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



Aqueles gañadores/as que non poidan asistir ao acto de entrega deberán recoller o seu premio nas instalacións do Centro Cultural Lustres Rivas nun prazo máximo de 10 días dende a celebración de dito acto.

3.8.- Aceptación das bases e autorizacións en canto á L.P.D.

A mera participación nalgunha das modalidades deste concurso supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo.

Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura e Comercio, podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.

No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada renuncie a algún premio deberá formalízalo por escrito na Concellería de Comercio no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios; unha vez rematado o prazo, todos os premios perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

Genoveva M^a Betanzos Fernández

Concelleira de Comercio

Antía Alberte Maneiro

Concelleira de Cultura



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE ::
20240TCU000073
Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



ANEXO I:
FICHA PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE NADAL
DE FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS

Nome e apelidos do participante (dun ou de todos os participantes de ser colectivo):

Con DNI (do representante no caso de ser un colectivo) _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Domicilio onde se atopa a decoración (pode ser igual ou distinto ao do participante):

Localidade do participante: _____ Código Postal: _____

Título da decoración: _____

Enviar debidamente cuberta esta ficha e coas fotos adxuntas a culturaefestexos@ribeira.gal como data límite o 18 de decembro.

Sinatura:

DECLARO e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicar e difundir as imaxes participantes neste concurso nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso, así como **ACEPTO** as bases que regulan este concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA). O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lop@ribeira.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lop@ribeira.com

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE ::
20240TCU000073
Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



ANEXO II: FICHA PARTICIPACIÓN
CONCURSO DE NADAL DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DA HOSTALERÍA

Nome e apelidos do participante:

Con DNI _____ Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Modalidade:

Decoración de Escaparates Decoración de Local Hostaleiro

Nome do establecemento _____

Enderezo onde se atopa a decoración:

Localidade: _____ Código Postal: _____

Enviar debidamente cuberta esta ficha e coas fotos adxuntas a comercio@ribeira.gal como data límite o 18 de decembro.

Sinatura:

DECLARO e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicar e difundir as imaxes participantes neste concurso nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso, así como ACEPTO as bases que regulan este concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA). O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizo de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lpd@ribeira.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lpd@ribeira.com

CSV: 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015911E00T0M9S8R4C1D3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 14/10/2024
GENOVEVA MARIA BETANZOS FERNANDEZ-Concelleira delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo - 14/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/10/2024 14:57:05

EXPEDIENTE :: 20240TCU000073
Fecha: 11/10/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

